

12o traballo nas telleiras

A VIDA NA TELLEIRA

O traballo na telleira estaba condicionado polo tempo e as horas de luz. En función diso facíase a tempada ou brañada, que duraba desde o final da primavera ao comezo do outono.

Mentres duraba a tempada, a cuadrilla facía a vida nas casetas e só ían ás casas en contadas ocasións. Ás veces traballaban tamén mulleres pero pasaban a noite nas súas casas. As casetas contaban con todo o imprescindible: forno para cocer o pan, lareira para cociñar, tarimbas para os xergóns e cortes para os animais.

A xornada de traballo era de sol a sol. Erguíanse ao raiar o día e deixaban o traballo co sol metido. Comezaban co almorzo (o caldo) e xa á faena. Os carreiros repartían o barro, facíanse as mudadas e preparábanse os bancos. Logo botaban todo o día facendo tella ou ladrillo, cunha breve interrupción para xantar ao mediodía, na forza do sol. Xa co sol baixo levábase a tella ou ladrillo ao pallete, deixando a eira despexada para o día seguinte. Ao remate da xornada ceábase e había algo de tempo para as bromas e os pitos.

A telleira podía ser de propiedade ou arrendada. O amo ou xefe formaba a súa propia cuadrilla e el era xeralmente o que facía os labores de oficial e cocedor.



Cuadrilla no Facho (Castrelo)



O transporte do material das telleiras facíase en barcos de vela, as lanchas- de 20 a 30 toneladas. Xeralmente eran propiedade dos mesmos telleiros. Viaxaban pola ría de Arousa e transportaban barra, leña, serraduras e produtos elaborados para os compradores.



Descargando ladrillo dun galeón en Cambados.

